

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE FEBREIRO DE 2020

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 4 de febreiro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 30 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local (asiste aos puntos 2a e 4a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2b e 4b)
D. Rubén Pérez Correa, representante do grupo municipal mixto

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI "VIGO VERTICAL" (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional - FEDER)(16737-77)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ADECCO FORMACION, S.A.U.
2. ARXON ESTRATEGIA, S.L.U.



3. CINK VENTURING, S.L.
4. INOVALABS DIGITAL, S.L.
5. KPMG ASESORES, S.L.

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. UTE BEPROJECT CONSULTORÍA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. e HTO ABOGADOS, S.L.P.:

Só presenta o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) e o Anexo VII ao PCAP (Grupo de empresas) dun dos membros da UTE (BEPROJECT CONSULTORIA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.), polo que deberán presentar o DEUC e o Anexo VII asinado por HTO ABOGADOS, S.L.P. (cláusula 8.7 do PCAP).

Así mesmo, BEPROJECT CONSULTORÍA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. declara no DEUC que concorre a esta licitación con solvencia de terceiros na parte II.C (“Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades”). A resposta afirmativa a esta cuestión require, como o propio DEUC indica, a presentación dun DEUC pola entidade a cuxa solvencia recorre, así como a presentación do Anexo IV do PCAP (“Declaración de posta a disposición de medios por un terceiro”) debidamente cumprimentado e asinado. Se existise un erro no DEUC de BEPROJECT CONSULTORÍA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. e realmente non concorre a esta licitación con solvencia de terceiros, deberá presentar un novo DEUC no que emende este erro contestando negativamente a esta cuestión.

Por último, indícaselles que toda a documentación deberá asinarse dixitalmente por persoa con poder de representación da correspondente empresa.

2. UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.:

DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. deberá presentar un novo DEUC coas partes III e IV debidamente cumprimentadas.

CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L. deberá presentar un novo DEUC coa parte IV debidamente cumprimentada.

Para os efectos de facilitarlles a cumprimentación da parte IV, indícaselles que se responden afirmativamente á pregunta “Indicación global relativa a todos los criterios de selección” estarían declarando que posúen a solvencia técnica e económica esixidas nesta licitación e ao mesmo tempo que se comprometen a adscribir ao contrato os medios persoais esixidos.

Ambas as dúas empresas declaran no seu DEUC que non recorren á solvencia de terceiros na parte II. C (“Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades”), se ben achegan na documentación presentada catro Anexos IV (“Declaración de posta a disposición de medios



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:04	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84E-E7CA4E-2D4E8E-KPKX76-Z2JSHL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



por un terceiro”); en consecuencia deberán aclarar esta cuestión. Se esta información se refire aos técnicos esixidos como medios persoais aos que os licitadores se comprometen a adscribir ao contrato (apartado 5F do Anexo I ao PCAP), ese compromiso de adscribilos ao contrato xa se recolle no DEUC ao indicar na Parte IV que cumpre todos os criterios de selección esixidos nesta licitación (“Indicación global relativa a todos los criterios de selección”).

Por último, indícaselles que toda a documentación presentada no Sobre A consta asinada dixitalmente por persoa con poder de representación de DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L., se ben a documentación que debe asinar o outro membro da UTE, CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., está asinada manualmente polo que non ten validez. En consecuencia, esta empresa deberá presentar novamente os anexos II e VII do PCAP asinados dixitalmente.

3. PENÍNSULA CORPORATE INNOVATION, S.L.: non declara no DEUC o seu compromiso de adscribir ao contrato os medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I ao PCAP, polo que deberá presentar un novo DEUC no que declare tal circunstancia. Para os efectos de facilitarlle a súa cumprimentación, indícaselle que os medios persoais, ao igual que a solvencia técnica e económica, poden declararse respondendo afirmativamente á pregunta recollida na parte IV (“Indicación global relativa a todos los criterios de selección”).

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo necesario para o mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello (2020-2025) (8952-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento a IMATIA INNOVATION, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI “VIGO VERTICAL” (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional - FEDER)(16737-77)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo de tres días a tres dos licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo necesario para o mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello (2020-2025) (8952-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:04	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84E-E7CA4E-2D4E8E-KPKX76-Z2JSHL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” do licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 02:04	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84E-E7CA4E-2D4E8E-KPKX76-Z2JSHL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		